


Nova

## Histagra no ciclo de Conferencias A NOSA HISTORIA



O xoves 22 de decembro ás 19 horas, o IP de HISTAGRA Lourenzo Fernández Prieto e o Xestor Técnico de HISTAGRA Gustavo Hervella García participarán no coloquio A Nosa Historia, 80 anos despois que ten lugar en Moaña (Pontevedra). Levarán a cabo a presentación da páxina web do proxecto Nomes e Voces: [nomesevoces.net](http://nomesevoces.net).

### nomesevoces.net:

O Proxecto de Investigación "Nomes e Voces" naceu ao abeiro dos traballos que se realizaron ao redor do Ano da Memoria 2006, promovido pola Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. O proxecto tivo a intención de estudar a represión franquista durante a Guerra Civil e a ditadura, e ofrecer á sociedade os datos relativos ás persoas que sufriron algún tipo de persecución por mor da súa ideoloxía ou da súa posición favorable á democracia republicana. Esta tarefa abordouse desde a perspectiva da investigación histórica, como parte dun crecente interese dos especialistas polo tema da Guerra Civil e da conseguinte represión.

### Ligazóns:

<http://www.nomesevoces.net/gl/>

<http://histagra.usc.es/gl/persoas/>

### Lugar de celebración:

Salón de Plenos do Concello de Moaña  
22 de decembro de 2016  
19:00 h.

### Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvemento Regional